

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CEDEIRA**

ANUNCIO do 29 de maio de 2026 das bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos para a provisión en propiedade das prazas de persoal funcionario de carreira e laboral incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2023 e 2025.

No *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña núm. 100, do 29 de maio de 2026, foron publicadas integramente as bases xerais e específicas que han rexer os procesos selectivos das seguintes prazas de persoal funcionario de carreira e laboral incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2023 e 2025:

A. Persoal funcionario:

Código CPT	Denominación	Escala	Sistema de acceso	Subgrupo
15022TS-01	Traballador/a social	Adm. especial	Quenda libre	A2
15022AD-02	Administrativo/a	Adm. xeral	Quenda libre	C1
15022AD-04	Administrativo/a	Adm. xeral	Quenda libre	C1
15022AD-05	Administrativo/a	Adm. xeral	Quenda libre	C1

B. Persoal laboral:

Código CPT	Denominación	Escala	Sistema de acceso	Subgrupo
15022OPCO-01	Operario/a-Conductor/a	Laboral	Quenda libre	C2
15022OF1 ^a -03	Oficial de primeira	Laboral	Quenda libre	C2

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria específica no *Boletín Oficial del Estado*, unha vez que se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña e o anuncio de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan, publicaranse de acordo co previsto nas súas bases reguladoras.

Cedeira, 29 de maio de 2026

M^a José Pernas Díaz
Alcaldesa accidental

